

Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia 2024

Informe técnico



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE
DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

SUBDIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE AMBIENTAL E SEGURIDADE
ALIMENTARIA

Inés Mato Naveira

SERVIZO DE SAÚDE AMBIENTAL

Manuel Álvarez Cortiñas

María Fe Montero Torreiro

Paula Sánchez García

San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela

Tfno.: 881 542 955/881 542 953

Correo electrónico: servizo.saude.ambiental@sergas.es

Ano de publicación: 2025

Lugar de publicación: Santiago de Compostela

Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia 2024

Informe técnico

CONSELLERÍA DE SANIDADE
DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

A auga é un recurso natural escaso, polo que debemos protexer a súa calidade, especialmente no caso das augas superficiais, xa que son recursos renovables cunha capacidade limitada de recuperación ante os impactos negativos da actividade humana.

O uso recreativo das augas de baño non está exento de perigos e riscos para a saúde das persoas usuarias. A contaminación bacteriana pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen nas augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas é enorme debido á importante tradición que existe en Galicia no uso das augas de baño no período estival, xa sexan marítimas ou continentais.

Por este motivo, a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa o *Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia* que, con carácter autonómico, vén funcionando na nosa comunidade dende mediados da década dos oitenta.

Neste sentido, considérase prioritaria a difusión de información suficiente e oportuna sobre a calidade das augas de baño. Entre as actividades de difusión elabórase esta publicación como resultado do desenvolvemento do *Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia* no ano 2024.

Finalmente, quero expresar o meu agradecemento ao corpo de farmacéuticos e farmacéuticas inspectores de saúde pública, aos profesionais técnicos das seccións de Saúde Ambiental dos departamentos territoriais de Sanidade, ao persoal do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, así como a todos aqueles profesionais que interviñeron no desenvolvemento do programa. Sen a súa colaboración e disposición non se faría posible a publicación deste informe.

Antonio Gómez Caamaño
Conselleiro de Sanidade



Resumo

O uso recreativo das augas de baño pode ter perigos e riscos para a saúde das persoas usuarias, xa que a contaminación bacteriana destas pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen en augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas pode ser elevado, debido á importante tradición que existe en Galicia no uso das augas de baño.

A vixilancia sanitaria que se leva a cabo nas augas de baño permite minimizar estes riscos e protexer as persoas usuarias. Por outra parte, a proliferación masiva de cianobacterias presenta riscos para a saúde das persoas usuarias nalgúns augas de baño da nosa comunidade, polo que realizar o seguimento é de vital importancia para previr efectos nocivos na saúde a curto e a longo prazo.

Por estes motivos, a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP), executa o *Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia*. Neste programa elabórase un Censo de Zonas de Augas de Baño para cada tempada, que se realizou por primeira vez no 2023 conforme o indicado no Decreto 175/2022, e que se corresponde coa sección I do Rexistro de Augas de Baño de Galicia. No censo da tempada 2024, figuran un total de 502 zonas de baño, con 519 puntos de mostraxe que se atopan en 117 concellos da comunidade autónoma galega.

A vixilancia sanitaria das augas de baño establécese mediante a mostraxe periódica da auga das zonas de baño incluídas no censo. Recóllense en total 10 mostras de cada auga de baño, unha antes do inicio da tempada e as nove restantes ao longo desta, cunha periodicidade aproximadamente quincenal. A tempada de baño establécese, de maneira xenérica, desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro. Nas mostras de auga analízanse os parámetros microbiolóxicos de enterococos intestinais e *Escherichia coli*.

Leváronse a cabo o 97,7% das inspeccións programadas das augas de baño en vixilancia sanitaria e realizáronse o 99,6% dos controis programados. Non se realizaron o 100% das inspeccións e controis programados, xa que o acceso a dúas augas de baño de Lugo estivo pechado temporalmente. O 100% dos episodios de contaminación foron comunicados aos concellos implicados, para que tomasen as medidas oportunas.

Das 519 augas de baño incluídas na sección I do Rexistro de Augas de Baño de Galicia, o 90,4% obtiveron unha clasificación sanitaria excelente, o 6,9% obtiveron unha clasificación boa, o 1,3% unha clasificación suficiente e o 1,0% unha clasificación insuficiente, mentres que o 0,4% quedaron sen clasificar.

Segundo a lexislación vixente, as autoridades competentes aplicarán as medidas necesarias para que todas as augas de baño sexan de calidade polo menos suficiente. Cando unha auga de baño sexa clasificada como insuficiente, a autoridade competente velará para que se adopten medidas de xestión axeitadas, que incluírán a prohibición do baño ou a recomendación de absterse deste para evitar a exposición de bañistas á contaminación; a determinación das causas e motivos polos que non se acada clasificación suficiente; a previsión, redución ou eliminación destas causas, e, ademais, a comunicación á poboación desta información. Por estes motivos, cómpre que os concellos fomenten urxentemente o establecemento de actuacións para mellorar a calidade da auga das augas de baño con clasificación sanitaria insuficiente.

Vistos os resultados obtidos en tempadas anteriores, obsérvase unha clara tendencia á mellora na calidade das augas de baño, que continúa nesta tempada ao manterse en niveis altos a porcentaxe das augas de baño con clasificación sanitaria excelente e diminuír o número daquelas con clasificación sanitaria insuficiente.

Na presente tempada houbo alerta por cianobacterias na auga de baño de Portoquintela no encoro das Conchas, na área recreativa de Brocos no encoro de Portodemouros e no regato das Forcadas, que desemboca na zona de baño de Vilarrube.

Durante a tempada de baño identificáronse 19 verteduras en augas de baño, todas foron comunicadas aos concellos e aos organismos de bacía e recibíuse resposta das actuacións realizadas nun 95% dos casos.

Desde o inicio da tempada, informouse da clasificación sanitaria das augas de baño e dos resultados microbiolóxicos obtidos nas mostraxes na nosa páxina web: [Observatorio de Salud Pública de Galicia-zonas de baño](#). Os valores das determinacións de parámetros microbiolóxicos tamén foron introducidos no Sistema de Información Nacional de Augas de Baño (Náyade), que toda a poboación pode consultar a través do acceso ao cidadán. A clasificación sanitaria final de cada auga de baño publícase tamén na páxina web da dirección xeral. Deste xeito, facilítase que todas as persoas usuarias das augas de baño teñan información suficiente e facilmente dispoñible sobre a calidade das augas de baño.





Índice

1. Introducción	15
2. Obxectivos.....	17
2.1. Xeral.....	18
2.2. Específicos.....	18
3. Material e métodos	19
3.1. Elaboración do Censo de Zonas de Augas de Baño.....	20
3.2. Mostraxe	20
3.3. Análise das mostras, xestión e difusión dos resultados obtidos.....	21
3.4. Cálculo da clasificación sanitaria final das augas de baño.....	22
4. Resultados.....	23
4.1. Sección I do Rexistro de Augas de Baño de Galicia: augas de baño incluídas no Censo de Zonas de Augas de Baño.....	24
4.1.1. Censo das Zonas de Augas de Baño.....	24
4.1.2. Clasificación sanitaria final das augas de baño	25
4.1.3. Comparación cos resultados obtidos nas tempadas anteriores.....	28
4.1.4. Comparación cos resultados obtidos en España e Europa	30
4.2. Sección II do Rexistro de Augas de Baño de Galicia: augas de baño en avaliación.....	31
4.3. Augas de baño con clasificación sanitaria insuficiente.....	33
4.4. Sección III do Rexistro de Augas de Baño de Galicia: augas con prohibición permanente de baño	33
4.5. Avaliación do programa de vixilancia das zonas de baño de Galicia	34
4.5.1. Avaliación do cumprimento.....	34
4.5.2. Avaliación da eficacia.....	35
4.6. Proliferación de cianobacterias nas augas de baño situadas en encoros.....	36
4.7. Resíduos na auga e na area	41
4.8. Verteduras nas augas de baño.....	42
5. Conclusións	43
6. Referencias bibliográficas	47
7. Códigos QR coas ligazóns a páxinas web	49

Anexos

[Anexo I.](#) Altas e baixas no Rexistro de Augas de Baño de Galicia na tempada 2024

[Anexo II.](#) Sección I do Rexistro de Augas de Baño de Galicia: augas de baño incluídas no Censo de Zonas de Augas de Baño na tempada 2024

[Anexo III.](#) Sección II do Rexistro de Augas de Baño de Galicia: augas de baño en avaliación na tempada 2024

[Anexo IV.](#) Augas de baño con clasificación sanitaria insuficiente nas seccións I e II do Rexistro de Augas de Baño de Galicia na tempada 2024

[Anexo V.](#) Sección III do Rexistro de Augas de Baño de Galicia: augas con prohibición permanente de baño na tempada 2024

Táboas

1. Augas de baño con tempada de baño reducida.....	20
2. Técnicas empregadas polo LSPG para a determinación dos parámetros microbiolóxicos analizados.....	21
3. Criterios para o cálculo da clasificación das augas de baño segundo a Directiva 2006/7/CE	22
4. Distribución das augas de baño marítimas e continentais no 2024.....	24
5. Clasificación sanitaria das augas de baño segundo a provincia e o tipo de auga no 2024.....	26
6. Clasificación sanitaria das augas de baño en España e Galicia*	30
7. Clasificación sanitaria das augas de baño na Unión Europa e Galicia*	31
8. Solicitudes de inscrición de augas de baño no RABG na tempada 2024	32
9. Grao de cumprimento do programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño en cada provincia e total (%) no 2024.....	35
10. Grao de eficacia do programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño en cada provincia e total (%) no 2024	36
11. Augas de baño nas que se realizou seguimento de cianobacterias no 2024	37
12. Datas dos controis de cianobacterias realizados no encoro das Conchas no 2024	38
13. Datas dos controis de cianobacterias realizados no encoro de Portodemouros no 2024	39
14. Datas dos controis de cianobacterias realizados no regato das Forcadas no 2024	40
15. Número de controis onde se atoparon residuos na auga e na area nas inspeccións e nas mostraxes das augas de baño realizadas no 2024	41
16. Actuacións sobre verteduras detectadas nas augas de baño no 2024.....	42

Figuras

1. Evolución do número de augas de baño marítimas e continentais entre 2011-2024.....	25
2. Clasificación sanitaria xeral das augas de baño de Galicia na tempada 2024.....	26
3. Clasificación sanitaria das augas de baño segundo a provincia na tempada 2024.....	27
4. Clasificación sanitaria das augas de baño segundo o tipo de auga na tempada 2024.....	27
5. Comparación da clasificación sanitaria das augas de baño obtida nas tempadas 2011-2024 en Galicia.....	29
6. Comparación da clasificación sanitaria das augas de baño obtida nas tempadas 2011-2024 segundo a provincia	29
7. Seguimento de cianobacterias no encoro das Conchas na tempada 2024	38
8. Seguimento de cianobacterias no encoro de Portodemouros na tempada 2024.....	39
9. Seguimento de cianobacterias no regato das Forcadas na tempada 2024	40

Táboas dos anexos

Anexo I

I. Augas de baño novas no Censo de Zonas de Augas de Baño na tempada 2024	1
II.1. Augas de baño novas na Sección II do RABG na tempada 2024	1
II.2. Augas de baño eliminadas na Sección II do RABG na tempada 2024.....	2
III.1. Augas de baño novas na Sección III do RABG na tempada 2024	2
III.2. Auga de baño eliminada na Sección III do RABG na tempada 2024	2

Anexo II

IV.1. Augas de baño incluídas na sección I do RABG na tempada 2024 na provincia da Coruña	2
IV.2. Augas de baño incluídas na sección I do RABG na tempada 2024 na provincia de Lugo.....	11
IV.3 Augas de baño incluídas na sección I do RABG na tempada 2024 na provincia de Ourense.....	14
IV.4 Augas de baño incluídas na sección I do RABG na tempada 2024 na provincia de Pontevedra.	16

Anexo III

V.1. Augas de baño continentais incluídas na Sección II do RABG na tempada 2024.....	2
V.2. Augas de baño marítimas incluídas na Sección II do RABG na tempada 2024.....	2

Anexo IV

VI.1. Augas de baño continentais da Sección I do RABG con clasificación sanitaria anual insuficiente.....	1
VI.2. Augas de baño marítimas da sección I do RABG con clasificación sanitaria anual insuficiente	1
VII. Auga de baño marítima da sección II do RABG con clasificación sanitaria anual insuficiente.....	2

Anexo V

VIII.1. Praias continentais incluídas na sección III do RABG na tempada 2024.....	2
VIII.2. Praias marítimas incluídas na sección III do RABG na tempada 2024.....	3

Abreviaturas e acrónimos

AG	Augas de Galicia
BOE	Boletín Oficial del Estado
CE	Comisión Europea
CHD	Confederación Hidrográfica do Douro
CHMS	Confederación Hidrográfica do Miño-Sil
DDTTS	Departamentos territoriais de Sanidade
DOG	Diario Oficial de Galicia
DOUE	Diario Oficial da Unión Europea
DST	Tecnoloxía de substrato definido
DTS	Departamento Territorial de Sanidade
DXSP	Dirección Xeral de Saúde Pública
FISP	Farmacéuticos Inspectores de Saúde Pública
HERME	Sistema de información integral do ámbito de inspección na saúde pública
LABSP	Programa informático Laboratorios de Saúde Pública
LMAG	Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia
LSPG	Laboratorio de Saúde Pública de Galicia
MS	Ministerio de Sanidade
Nº	número
NÁYADE	Sistema de Información Nacional de Augas de Baño
NMP	Número máis probable
núm.	número
OMS	Organización Mundial da Saúde
PM	Punto de mostraxe
RABG	Rexistro de Augas de Baño de Galicia
SA	Sociedade anónima
ZB	Zona de baño



1

Introducción



As augas de baño defínense como calquera elemento de augas superficiais onde se preveza que poida bañarse un número importante de persoas, onde exista unha actividade próxima relacionada directamente co baño, no que non haxa unha prohibición permanente de baño, nin se formulase unha recomendación permanente de absterse deste e onde non haxa perigo obxectivo para o público.

O uso recreativo das augas de baño pode ter perigos e riscos para a saúde das persoas usuarias¹. A contaminación bacteriana pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen en augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas pode ser elevado, debido á importante tradición que existe en Galicia no uso das augas de baño no período estival, xa sexan marítimas ou continentais.

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade², establece a obriga das administracións públicas sanitarias de orientaren as súas actuacións prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades. A citada lei indica que as actividades e produtos que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias negativas para a saúde serán sometidos a control por parte das administracións públicas. Unha destas actividades é o uso recreativo da auga, en concreto das zonas de augas de baño naturais.

Así mesmo, na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia³, tamén inclúe na prestación de saúde pública o establecemento de estándares de produción e medidas de protección da saúde fronte a riscos medioambientais, como os derivados do uso das augas de baño.

Coa aprobación da Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño⁴ e da normativa estatal que a desenvolve, o Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño⁵, actualízase o marco regulamentario nesta materia, que inclúe novidades de carácter científico e técnico, entre as que cómpre salientar un novo sistema de cálculo da clasificación sanitaria das augas de baño. Por outra banda, na Decisión de execución da Comisión do 27 de maio de 2011⁶, establécese un símbolo para informar o público da clasificación das augas de baño e de calquera prohibición ou recomendación que afecte este.

Ademais, no ano 2022, publicouse na nosa comunidade autónoma o Decreto 175/2022, do 13 de outubro, sobre vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia⁷, onde se delimitan claramente as competencias nesta materia de cada unha das administracións públicas e se crea o Rexistro de Augas de Baño de Galicia (RABG), con 3 seccións: sección I (augas de baño incluídas no Censo de Zonas de Augas de Baño), sección II (augas de baño en avaliación) e sección III (augas con prohibición permanente do baño). O 2023 foi o primeiro ano no que se incluiron as augas de baño de Galicia neste rexistro⁸.

A Consellería de Sanidade é a encargada, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP), de executar o *Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia*⁹ que, con carácter autonómico, funciona na nosa comunidade desde mediados da década dos oitenta.

2'

Obxectivos

- Xeral
- Específicos



2.1. Xeral

Minimizar os riscos de contraer enfermidades ao bañarse nas augas marítimas ou continentais.

2.2. Específicos

1. Vixiar e clasificar as augas das augas de baño incluídas nas seccións I e II do RABG.
2. Facilitar que todas as persoas usuarias das augas de baño dispoñan de información sobre a súa calidade microbiolóxica durante a tempada de baño.
3. Identificar os problemas de proliferación de cianobacterias que supoñan un risco para bañistas e informar o público se é o caso.
4. Informar as entidades con responsabilidade na súa xestión sobre as condicións das augas de baño.
5. Identificar as verteduras que poidan supoñer unha deterioración da salubridade das augas de baño.
6. Incluír a información do censo e das análises da calidade das augas de baño incluídas nas seccións I e II do RABG.
7. Vixiar que están correctamente identificadas as augas de baño incluídas na sección III do RABG.



Material e métodos



- Elaboración do censo de Zonas de Augas de Baño
- Mostraxe
- Análise das mostras, xestión e difusión dos resultados obtidos
- Cálculo da clasificación sanitaria final das augas de baño

3.1. Elaboración do censo de Zonas de Augas de Baño

No mes de marzo, incorporouse ao Náyade o censo de zonas de augas de baño actualizado tendo en conta as altas e as baixas de zonas de baño e o calendario de control destas para que o Ministerio de Sanidade (MS) llo notificase á Comisión Europea. Deste xeito, estableceuse o Censo de Zonas de Augas de Baño para a tempada 2024.

3.2. Mostraxe

O control sanitario das augas de baño levouse a cabo mediante a mostraxe periódica das augas, realizada a través dunha encomenda de xestión pola empresa pública *TRAGSATEC, Tecnología y Servicios Agrarios SA*, segundo o calendario de control establecido e cargado no Náyade o mes de marzo.

Con carácter xeral, a presente tempada de baño foi do 1 de xuño ata o 30 de setembro e recolléronse un total de 10 mostras en cada auga de baño, unha mostraxe realízase antes do inicio da tempada e as nove restantes ao longo desta, cunha periodicidade aproximadamente quincenal.

Este ano tivemos varias excepcións a esta periodicidade, tal e como se amosa na táboa 1:

Táboa 1. Augas de baño con tempada de baño reducida

Provincia	Concello	Auga de baño	Tempada de baño
Ourense	Avión	Río Valderías	1 xullo-30 setembro
	Beariz	Río Magros	1 xullo-30 setembro
		Río Tioria	1 xullo-30 setembro
	Carballada de Valdeorras	Río Sil - Piscinas fluviais da Louxeira	1 xullo-30 setembro
	Castro Caldelas	Río Edo	1 xullo-30 setembro
	Chandrea de Queixa	Río Rabal	1 xuño-31 agosto
	Entrimo	Río Casal-As Perdices	1 xullo-30 setembro
Pontevedra	Gudiña (A)	Río Ribeira	1 xullo-30 setembro
		Area dos cans (Illa de Ons)	1 xullo-30 setembro
		Canexol (Illa de Ons)	1 xullo-30 setembro
		Dorna (Illa de Ons)	1 xullo-30 setembro
	Bueu	Melide (Illa de Ons)	1 xullo-30 setembro
		Carracido (Illas Cíes)	1 xullo-30 setembro
		Figueiras (Illas Cíes)	1 xullo-30 setembro
		Rodas (Illas Cíes)	1 xullo-30 setembro
	Vila de Cruces	Río Deza-A Carixa	16 xuño-30 setembro

Nas augas de baño da provincia de Ourense, así como na situada en Vila de Cruces, a causa da tempada reducida foi a escaseza de auga, mentres que nas augas de baño sitas nas Illas Cíes e na Illa de Ons o motivo foi seren consideradas zonas con limitación xeográfica especial.

A mostraxe realizouse seguindo o indicado na normativa e o transporte das mostras ata o laboratorio levouse a cabo en neveiras refrixeradas.

3.3. Análise das mostras, xestión e difusión dos resultados obtidos

No Laboratorio de Saúde Pública de Galicia (LSPG) determináronse os parámetros microbiolóxicos de enterococos intestinais e *Escherichia coli* de forma rutineira (parámetros que deben ser controlados analiticamente segundo a normativa). Ademais, no momento da mostraxe determinouse o pH, a temperatura, así como outros parámetros que se controlaron de xeito visual. Na táboa 2 figuran as técnicas empregadas para os parámetros microbiolóxicos.

Táboa 2. Técnicas empregadas polo LSPG para a determinación dos parámetros microbiolóxicos analizados

Parámetro	Método de análise	Unidades
Enterococo intestinal	Número máis probable, baseado na tecnoloxía DST	NMP/100 mL
<i>Escherichia coli</i>	UNE EN ISO 9308-2	NMP/100 mL

Logo de obter os resultados analíticos das mostras recollidas, o LSPG introduciunos na súa aplicación informática (LABSP) e o persoal do Servizo de Control de Riscos Ambientais dos departamentos territoriais de sanidade (DDTTS) ou do corpo de farmacéuticos inspectores de saúde pública (FISP) validaron os resultados no sistema de información de inspección Herme.

Os datos de cada mostraxe foron publicados periodicamente no Observatorio de Saúde Pública de Galicia, onde tamén se pode consultar a clasificación sanitaria final de cada auga de baño unha vez rematada a tempada: [Clasificación sanitaria anual das augas de baño](#).

Esta información tamén está dispoñible accedendo ao mapa de zonas de baño de Galicia que a DXSP mantén actualizado na Internet na seguinte ligazón: [Mapa de zonas de baño de Galicia](#).

Así mesmo, ao final da tempada, os resultados microbiolóxicos das mostras analizadas foron introducidos no Sistema de Información Nacional de Augas de Baño (Náyade) mediante ficheiros de intercambio. Estes resultados poden consultarse na páxina web do Náyade a través do acceso ao cidadán: (<https://nayadeciudadano.sanidad.gob.es/>).

3.4. Cálculo da clasificación sanitaria final das augas de baño

A Directiva 2006/7/CE⁴ establece un sistema de cálculo que ten en conta os datos dos controis das catro últimas tempadas.

O sistema de cálculo consiste na avaliación do percentil da función normal de densidade de probabilidade (log10) dos datos microbiolóxicos obtidos nunhas augas de baño determinadas.

Dedúcese o valor do percentil da seguinte maneira:

- i) Tómase o valor log10 de todas as enumeracións bacterianas da secuencia de datos avaliada, incluído os resultados dos controis previos.
- ii) Calcúlase a media aritmética dos valores log10 (μ).
- iii) Calcúlase a desviación típica (mostral) dos valores log10 (σ).

O punto superior do percentil 90 da función de densidade de probabilidade dos datos dedúcese da seguinte ecuación:

punto superior do percentil 90 = antilog ($\mu + 1,282 \sigma$)

O punto superior do percentil 95 da función de densidade de probabilidade dos datos dedúcese da seguinte ecuación:

punto superior do percentil 95 = antilog ($\mu + 1,65 \sigma$)

Unha vez calculados os percentís 90 e 95 para cada parámetro, establécese a calidade excelente, boa, suficiente ou insuficiente segundo os valores que se indican na táboa 3.

Táboa 3. Criterios para o cálculo da clasificación das augas de baño segundo a Directiva 2006/7/CE

Parámetro	Clasificación das augas marítimas			Clasificación das augas continentais		
	Excelente	Boa	Suficiente	Excelente	Boa	Suficiente
Enterococos intestinais	100 ^(*)	200 ^(*)	185 ^(**)	200 ^(*)	400 ^(*)	330 ^(**)
<i>Escherichia coli</i>	250 ^(*)	500 ^(*)	500 ^(**)	500 ^(*)	1000 ^(*)	900 ^(**)

^(*)De acordo coa avaliación do percentil 95
^(**)De acordo coa avaliación do percentil 90

4



Resultados

- Sección I do Rexistro de Augas de Baño de Galicia: augas de baño incluídas no Censo de Zonas de Augas de Baño
- Sección II do Rexistro de Augas de Baño de Galicia: augas de baño en avaliación
- Augas de baño con clasificación sanitaria insuficiente
- Sección III do Rexistro de Augas de Baño de Galicia: augas con prohibición permanente de baño de baño de Galicia
- Avaliación do programa de vixilancia das zonas de baño de Galicia
- Proliferación de cianobacterias nas augas de baño situadas en encoros
- Residuos na auga e na area
- Verteduras nas augas de baño

4.1. Sección I do Rexistro de Augas de Baño de Galicia: augas de baño incluídas no Censo de Zonas de Augas de Baño

4.1.1. Censo de Zonas de Augas de Baño

No Censo de Zonas de Augas de Baño (dependente do Ministerio de Sanidade), así como na sección I do RABG⁸ da tempada 2024 figuran un total de 502 zonas de baño, con 519 puntos de mostraxe que se atopan en 117 concellos da comunidade autónoma galega. Isto supón que o 37,4% dos concellos de Galicia dispoñen dalgunha auga de baño incluída na sección I do RABG. Dos 519 puntos de mostraxe, 451 pertencen a zonas de baño marítimas (86,9%) e 68 a zonas de baño continentais (13,1%). Pódese consultar o RABG na seguinte ligazón: [Rexistro de Augas de Baño de Galicia](#).

Se comparamos o Censo de Zonas de Augas de Baño desta tempada co censo da tempada 2023, hai catro novas zonas de baño, todas marítimas. Por outra banda, non se eliminou do censo ningunha zona de baño. As altas e as baixas no Censo de Zonas de Augas de Baño poden consultarse no anexo I.

Na táboa 4 obsérvanse as distribucións das augas de baño marítimas e continentais en relación co número de concellos, zonas de baño e puntos de mostraxe nas diferentes provincias. Por outra banda, a evolución do número de augas de baño no período 2011-2024 amósase na figura 1.

Táboa 4. Distribución das augas de baño marítimas e continentais no 2024

Provincia	Tipo de auga de baño	Concellos	Zonas de baño	Puntos de mostraxe
A Coruña	Marítima	38	208	218
	Continental	8	9	10
Lugo	Marítima	8	44	45
	Continental	15	15	15
Ourense	Continental	16	22	22
Pontevedra	Marítima	20	183	188
	Continental	12	21	21
Total		117	502	519




Figura 1. Evolución do número de augas de baño marítimas e continentais entre 2021-2024

4.1.2. Clasificación sanitaria final das augas de baño

A clasificación sanitaria e as estatísticas calcúlanse coas augas de baño. Das 519 augas de baño incluídas no censo oficial, o 90,4% obtivo unha clasificación sanitaria excelente, o 6,9% destas obtiveron unha clasificación boa, o 1,3% unha clasificación suficiente e o 1,0% unha clasificación insuficiente, mentres que o 0,4% quedaron sen clasificar. Estes resultados resúmense na táboa 5 e nas figuras 2, 3 e 4.

A clasificación sanitaria das augas de baño pode consultarse no anexo II e tamén no mapa de zonas de baño de Galicia que a DXSP mantén actualizado na Internet accedendo á seguinte ligazón: [Mapa das zonas de baño de Galicia](#).

Esta información e os resultados microbiolóxicos de cada auga de baño utilizados para o cálculo da clasificación publícanse na páxina web da dirección xeral xunto con este informe: [Resultados Analíticos das Augas de Baño 2008-2024](#).

Táboa 5. Clasificación sanitaria das augas de baño segundo a provincia e o tipo de auga no 2024

Clasificación sanitaria	Número de augas de baño							Total	%
	A Coruña		Lugo		Ourense	Pontevedra			
	Marítima	Continental	Marítima	Continental	Continental	Marítima	Continental		
Excelente	207	5	39	8	18	178	14	469	90,4
Boa	8	2	4	5	4	8	5	36	6,9
Suficiente	2	1	0	2	0	0	2	7	1,3
Insuficiente	1	2	0	0	0	2	0	5	1
Sen clasificar	0	0	2	0	0	0	0	2	0,4
Total	218	10	45	15	22	188	21	519	100




Figura 2. Clasificación sanitaria xeral das augas de baño de Galicia na tempada 2024

Na análise dos resultados obtidos da clasificación sanitaria das augas de baño por provincias, que se mostra na figura 3, obsérvase que nas provincias da Coruña e Pontevedra a porcentaxe de augas de baño que acadan unha clasificación sanitaria excelente supera o 90%, pero nas provincias de Lugo e Ourense este dato rolda o 80%. Isto débese a que hai maior porcentaxe de augas de baño continentais na provincia de Lugo ou unicamente continentais no caso de Ourense. Neste tipo de augas son nas que se detecta unha calidade da auga máis baixa en comparación coa calidade das augas marítimas. Pódese ver de maneira gráfica na figura 4:




Figura 3. Clasificación sanitaria das augas de baño segundo a provincia na tempada 2024




Figura 4. Clasificación sanitaria das augas de baño segundo o tipo de auga na tempada 2024

O 94% das augas de baño marítimas do censo oficial de Galicia teñen unha clasificación sanitaria excelente fronte ao 65% que acadan esta clasificación nas augas de baño continentais.

A pesar disto, en Galicia as augas de baño con clasificación excelente ou boa supoñen o 97,3% de todas as augas de baño que forman parte do censo, sendo un 98,4% das augas marítimas as clasificadas como excelentes ou boas e un 89,7% no caso das augas continentais.

4.1.3. Comparación cos resultados obtidos en tempadas anteriores

Debido ao cambio no sistema de cálculo da clasificación sanitaria, soamente se poden comparar os resultados obtidos nesta tempada coas tempadas de baño posteriores a 2011.

Esta comparación móstrase nas figuras 5 e 6, nas que se observa que na tempada 2024 continúa a calidade das augas de baño en valores moi altos. Esta tendencia xa se viña rexistrando tempada a tempada ao manterse en niveis altos a porcentaxe de praias con clasificación sanitaria excelente e diminuír o número daquelas con clasificación sanitaria insuficiente. É destacable o caso da provincia de Ourense, que aumentou exponencialmente a porcentaxe de excelentes, pasando de arredor dun 30% no 2011 a máis dun 80% no 2024.

As augas de baño sen clasificar son aquelas nas que non se puideron realizar as mostraxes por ter os accesos temporalmente pechados. Estas augas de baño vanse eliminar do Censo de Zonas de Augas de baño mentres non se arranxen os accesos e, polo tanto, pasarán para a sección III do RABG no 2025.

As causas desta alta calidade poden deberse, ao igual que ocorreu na tempada anterior, á repetición dos resultados anómalos tendo en conta o histórico da auga de baño naquelas praias con clasificación sanitaria excelente e boa, ademais da repetición de todas aquelas mostraxas con resultados superiores a 800 NMP/100 mL de *Escherichia coli* ou resultados superiores a 500 NMP/100 mL de enterococos intestinais, para descartar as contaminacións puntuais das augas de baño. Tamén contribuíron as medidas levadas a cabo polas autoridades competentes para mellorar a calidade das augas de baño.




Figura 5. Comparación da clasificación sanitaria das augas de baño obtida nas tempadas 2011-2024 en Galicia




Figura 6. Comparación da clasificación sanitaria das augas de baño obtida nas tempadas 2011-2024 segundo a provincia

4.1.4. Comparación cos resultados obtidos en España e Europa

No ano 2023 Galicia foi a comunidade autónoma española con maior número de puntos de mostraxe censados¹⁰, cun 24,7% do total de España, seguida de Andalucía, Cataluña e Comunidade Valenciana, cun 14,7%, un 12,3% e un 12,1%, respectivamente. A calidade das augas de baño galegas no 2024, tanto marítimas como continentais, foi maior que a do conxunto de España no 2023, con maior porcentaxe de excelentes e menor porcentaxe de insuficientes, tal e como se amosa na táboa 6:

Táboa 6. Clasificación sanitaria das augas de baño en España e Galicia*

Tipo de auga de baño	Ámbito territorial	Excelente	Boa	Suficiente	Insuficiente	Sen clasificar
Continentais	España	54,8%	21,4%	6,0%	11,4%	6,4%
	Galicia	66,2%	23,5%	7,4%	2,9%	0%
Marítimas	España	92,2%	5,9%	1,1%	0,4%	0,5%
	Galicia	94,0%	4,4%	0,4%	0,7%	0,4%
Totais	España	87,6%	7,8%	1,7%	1,7%	1,2%
	Galicia	90,4%	6,9%	1,3%	1,0%	0,4%

* Os datos de España corresponden ao ano 2023 e os de Galicia ao ano 2024.

Dentro da Unión Europea, o 10,4% das zonas de baño censadas foron españolas e o 2,4% foron galegas¹¹. Italia, con 5.533 zonas de baño censadas, seguido de Francia, con 3.361, Alemaña, con 2.291, e despois España, con 2.275, foron os países con maior número de zonas de baño (datos do ano 2023). A calidade das augas de baño galegas globalmente no 2024 foi tamén superior á do conxunto da Unión Europea, con maior porcentaxe de excelentes e menor porcentaxe de insuficientes nos totais, aínda que no caso das continentais a calidade das galegas foi algo menor, tal e como se amosa na táboa 7:

Táboa 7. Clasificación sanitaria das augas de baño na Unión Europea e Galicia*

Tipo de auga de baño	Ámbito territorial	Excelente	Boa	Suficiente	Insuficiente	Sen clasificar
Continentais	Unión Europea	78,5%	11,1%	2,7%	2,4%	5,2%
	Galicia	66,2%	23,5%	7,4%	2,9%	0%
Marítimas	Unión Europea	88,4%	7,2%	1,9%	1,1%	1,3%
	Galicia	94,0%	4,4%	0,4%	0,7%	0,4%
Totais	Unión Europea	85,1%	8,5%	2,2%	1,6%	2,6%
	Galicia	90,4%	6,9%	1,3%	1,0%	0,4%

* Os datos de España corresponden ao ano 2023 e os de Galicia ao ano 2024.

4.2. Sección II do Rexistro de Augas de Baño de Galicia: augas de baño en avaliación

Cando un concello solicita a inclusión dunha nova auga de baño no RABG, as actuacións que se realizan dende a DXSP son: revisar o informe das condicións da auga de baño realizado pola DTS correspondente e, se é o caso, da documentación achegada polo concello, consultar o histórico de resultados microbiolóxicos da auga de baño, se nalgún momento estivo incluída no *Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia* e solicitar informe ao órgano ambiental competente. Se o resultado destas actuacións é favorable, inclúese nos controis microbiolóxicos durante polo menos dúas tempadas para a súa avaliación na sección II do RABG, previa á inclusión da auga de baño na sección I do RABG (augas de baño incluídas no Censo de Zonas de Augas de Baño).

Tras avaliar as doce solicitudes recibidas na tempada de baño 2024, decidiuse incluír sete no programa de vixilancia para a súa avaliación, mentres que cinco foron rexeitadas, tres polo informe desfavorable do organismo de bacía e dúas polo informe desfavorable do DTS, tal e como se amosa na táboa 8:

Táboa 8. Solicitudes de inscrición de augas de baño no RABG na tempada 2024

Provincia	Concello	Auga de baño	Informe da DTS	Informe do organismo de bacía			Ditame
				AG	CHMS	CHD	
A Coruña	Camariñas	Camelle	Desfavorable	-----	-----	-----	Desfavorable
Lugo	Vilalba	Río Madalena	Favorable	-----	Favorable	-----	Favorable
	Viveiro	Celeiro	Favorable	Favorable	-----	-----	Favorable
Ourense	Castrelo do Val	Río Támega-Nocedo do Val	Favorable	-----	-----	Favorable	Favorable
	Monterrei	Río Bubal-Vilaza	Favorable	-----	-----	Favorable	Favorable
Pontevedra	Fornelos de Montes	Encoro de Eiras – área recreativa	Favorable	Desfavorable	-----	-----	Desfavorable
	O Rosal	Portocelo	Desfavorable	-----	-----	-----	Desfavorable
		Río Miño-Eiras	Favorable	-----	-----	-----	Favorable
		Río Tamuxe-Muiño das Aceñas	Favorable	-----	Favorable	-----	Favorable
		Río Tamuxe-Tamuxe	Favorable	Favorable	-----	-----	Favorable
	Ponteareas	Río Tea- A Moscadeira	Favorable	-----	Desfavorable	-----	Desfavorable
		Río Tea – As Partidas	Favorable	-----	Desfavorable	-----	Desfavorable

DTS: Departamento Territorial de Sanidade AG: Augas de Galicia

CHMS: Confederación Hidrográfica do Miño-Sil CHD: Confederación Hidrográfica do Douro

Na tempada 2024 controláronse en total 10 augas de baño na sección II do RABG. Incluíronse na sección II do RABG seis novas augas de baño continentais, todas elas por petición do concello, agás Río Tamuxe-Muiño das Aceñas, sita no Rosal, que foi de oficio pola DTS de Pontevedra. Só houbo unha auga de baño marítima (Celeiro, sita en Viveiro) que se deu de alta na sección II do RABG trala comunicación por parte do concello da realización de obras de mellora no sistema de depuración. En canto ás baixas de augas de baño na sección II do RABG foron dúas augas de baño marítimas, que pasaron á sección III do RABG por calidade insuficiente durante varias tempadas, así como catro augas de baño que pasaron á sección I do RABG pola avaliación favorable da calidade da súa auga. As altas e as baixas na sección II do RABG poden consultarse no anexo I.

No anexo III enuméranse as 10 augas de baño (8 continentais e 2 marítimas) incluídas na sección II do RABG⁸ (augas de baño en avaliación) no 2024 e os resultados da súa avaliación, sendo o 80% boas ou excelentes. Pode consultarse tamén o RABG na ligazón: [Rexistro de Augas de Baño de Galicia](#).

Cabe destacar que, se o resultado da avaliación destas augas de baño non é satisfactorio, a auga de baño non se inclúe a sección I do RABG e valórase repetir a avaliación en tempadas posteriores, de xeito que permita ter un coñecemento máis concluínte sobre a calidade da súa auga. No caso de que se opte por deixar de realizar os controis periódicos por mala calidade da auga de baño, esta pasaría á sección III do RABG (augas con prohibición permanente do baño).

4.3. Augas de baño con clasificación sanitaria insuficiente

Na tempada de baño 2024, cinco augas de baño da sección I do RABG, tres marítimas e dúas continentais, obtiveron unha clasificación sanitaria insuficiente. No anexo IV enuméranse estas augas de baño. Este dato indica que para a tempada 2025 no 1,0% dos puntos de mostraxe analizados se deberá prohibir o baño fronte ao 1,2% da tempada anterior.

Ademais, tamén houbo unha auga de baño marítima da sección II do RABG con clasificación sanitaria insuficiente (ver anexo IV).

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia³, indica que é a administración local a competente no control sanitario do medio natural no seu ámbito territorial. Por outra banda, o artigo 4.4.b da Directiva 2006/7/CE⁴ indica que a avaliación da calidade das augas de baño podería efectuarse sobre a base dunha serie de datos relativos a menos de catro tempadas, se se produciron cambios que poidan afectar á clasificación sanitaria das augas de baño. Por todo isto, con carácter urxente, as administracións competentes deben adoptar as medidas necesarias para que mellore a calidade sanitaria das augas de baño, prioritariamente aquelas con clasificación insuficiente, co fin de que se modifique na seguinte tempada a súa clasificación sanitaria.

4.4. Sección III do Rexistro de Augas de Baño de Galicia: augas con prohibición permanente de baño

As praias inclúense na sección III do Rexistro de Augas de Baño de Galicia (augas con prohibición permanente do baño) por solicitude de baixa do concello correspondente, por existir unha manifesta perigosidade ou impracticabilidade para o uso da zona de augas de baño, así como por ser eliminadas do Censo de Zonas de Augas de Baño tras acadar unha clasificación sanitaria insuficiente durante cinco anos consecutivos e existir,

polo tanto, prohibición permanente do baño (aplicación do artigo 12.4 do Real decreto 1341/2007⁵, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño).

En 2024 déronse de alta dúas augas de baño marítimas na sección III do RABG por calidade insuficiente durante varias tempadas, mentres que se deu de baixa nesta sección unha auga de baño marítima, por comunicar o concello melloras no sistema de depuración. As altas e as baixas na sección III do RABG poden consultarse no anexo I. Pode tamén consultarse o RABG na ligazón: [Rexistro de Augas de Baño de Galicia](#).

No anexo V móstranse aquelas praias que incluídas na sección III do RABG⁸, nas que existe prohibición permanente do baño, por petición do concello ou de oficio segundo o establecido no artigo 9.1, 9.3.a) e 9.3.b)^{1º} do Decreto 175/2022⁷, do 13 de outubro.

4.5. Avaliación do programa de vixilancia das zonas de baño

4.5.1. Avaliación do cumprimento

Para medir o grao de cumprimento do programa, calculáronse os seguintes indicadores cuxa definición pode consultarse no *Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia 2022-2025*⁹:

- 1) Comunicación de episodios de contaminación aos concellos (ICC)
- 2) Comunicación aos concellos por sinalización incorrecta ou ausencia desta (ICS)
- 3) Comunicación aos concellos por sinalización incorrecta ou ausencia desta nas augas de baño con clasificación sanitaria insuficiente (ICI)
- 4) Sinalización das praias con prohibición permanente de baño (ISP)
- 5) Inspección (II)
- 6) Resultado da inspección (IRI)
- 7) Mostraxe (IM)
- 8) Análise (IA)
- 9) Repetición da mostraxe cando existe contaminación (IR)

Leváronse a cabo o 97,7% das inspeccións programadas das augas de baño en vixilancia sanitaria e detectáronse incumprimentos no 10,2% dos casos. En relación coas non conformidades por sinalización incorrecta ou ausencia desta nas augas de baño, comunicáronse aos concellos o 36,2% delas, mentres que no caso das de clasificación sanitaria insuficiente fíxose no 100% dos casos. Ademais detectouse que só o 67,7% das praias con prohibición permanente do baño estaban correctamente sinalizadas; nestes casos as departamentos territoriais comunicaron este feito ao concello correspondente.

O cumprimento do programa foi totalmente satisfactorio, xa que se realizaron o 99,6% dos controis programados e os episodios de contaminación lles foron comunicados aos concellos no 100% dos casos. Na táboa 9 amósanse os resultados do cumprimento do programa de vixilancia:

Táboa 9. Grao de cumprimento do programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño en cada provincia e total (%) no 2024

Índice	Provincia				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
ICC	100	100	100	100	100
ICS	14,7	98,7	97,8	100	36,2
ICI	100	100	100	100	100
ISP	75	62,5	66,6	40	67,7
II	99,2	94,3	100	96,8	97,7
IRI	10,4	6,1	14,3	10,9	10,2
IM	100	96,7*	100	100	99,6*
IA	100	100	100	100	100
IR	100	100	100	100	100

*Na provincia de Lugo houbo 20 das 606 mostras planificadas que non se puideron recoller, por estar pechados temporalmente os accesos na praia de Sacido, no concello de Viveiro e na de San Bartolo, no concello de Barreiros, durante toda a tempada.

A pesar de que non se cumpriu o programado, porque non se puideron recoller estas mostras, e por tanto tampouco analízalas (ben por estar pechados temporalmente os accesos ou ben por falta de transporte para acceder a elas), considérase axeitado o grao de cumprimento do programa, porque foi por causas sobrevidas alleas á consellería.

4.5.2. Avaliación da eficacia

Para medir o grao de eficacia do programa, respecto ás augas de baño incluídas na sección I do RABG, calculáronse os seguintes indicadores cuxa definición pode consultarse no *Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia 2022-2025*⁹.

Tal e como se amosa na táboa 10, a porcentaxe de augas de baño excelentes no 2024 foi dun 90,4%, o que supuxo unha baixada dun 1,4% respecto ao ano anterior. Se analizamos a suma da porcentaxe de excelentes e boas no 2024, esta alcanza un 97,3%, o que implicou un incremento dun 0,1% respecto ao 2023. En relación á porcentaxe de augas de baño con clasificación sanitaria insuficiente, esta foi dun 1,0% na tempada 2024, diminuindo esta porcentaxe un 0,2% respecto á tempada anterior.

Táboa 10. Grao de eficacia do programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño en cada provincia e total (%) no 2024

Índice	Provincia				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
ICE	93,0%	78,3%	81,8%	93,3%	90,4%
ICAE	-1,2%	-5,0%	4,5%	-1,4%	-1,4%
ICEB	96,5%	93,3%	100%	98,1%	97,3%
ICAEB	-1,3%	-1,7%	9,1%	0,0%	0,1%
ICIN	1,3%	0,0%	0,0%	1,0%	1,0%
ICDIN	0,0%	1,7%	0,0%	0,0%	0,2%

4.6. Proliferación de cianobacterias nas augas de baño situadas en encoros

O risco para a saúde humana derivado da exposición ás cianobacterias¹¹, tamén coñecidas como algas verdeazuladas, e ás súas toxinas durante o uso das augas de baño chega a través de tres potenciais vías de exposición:

- (1) A través da pel, por contacto directo das partes expostas do corpo (incluíndo áreas sensibles como os oídos, ollos, boca e gorxa) e das áreas cubertas polo traxe de baño onde as cianobacterias poden quedar retidas, romperse as células e liberar o seu contido tóxico provocando irritacións
- (2) A través do consumo accidental de auga contaminada
- (3) Mediante a inhalación de auga que conteña cianobacterias

En relación cos problemas para a saúde deben diferenciarse, por unha banda aqueles síntomas principalmente irritativos causados por substancias cianobacterianas descoñecidas e, por outra, a actividade tóxica primaria sobre o fígado debido á exposición a altas concentracións de cianotoxinas coñecidas, concretamente ás microcistinas, que é o perigo potencialmente máis grave. Os riscos da inxestión son particularmente altos para nenos que inxiren auga durante o baño e que xogan preto da acumulación das películas de cianobacterias.

Aínda que non existe normativa específica, no ano 2012, estableceuse un protocolo de seguimento e actuacións cos organismos de bacía (Augas de Galicia e Confederación Hidrográfica de Miño-Sil) ante a posible aparición dunha floración de cianobacterias nos encoros nos que hai augas de baño censadas.

No ano 2024, vixiáronse 11 augas de baño do censo de Zonas de Augas de Baño (sección I do RABG), que aparecen recollidas na táboa 11:

Táboa 11. Augas de baño nas que se realizou seguimento de cianobacterias no 2024

Provincia	Concello	Auga de baño	Masa de auga afectada
A Coruña	Valdoviño	Regato das Forcadas*	Encoro das Forcadas
Lugo	Cospeito	Xustás	Río Miño
	Chantada	Sangoñedo	Encoro de Sangoñedo
	O Saviñao	A Cova	Encoro dos Peares
Ourense	Bande	Portoquintela	Encoro das Conchas
	Muíños	O Corgo- A Rola	
	Castrelo de Miño	Parque náutico	Encoro de Castrelo
	Chandrexa de Queixa	Cardiego	Encoro de Cardiego
	A Veiga	Os Franceses	Encoro de Prada
Pontevedra	Agolada	Área recreativa de Brocos	Encoro de Portodemouros
	Ribadumia	Cabanelas	Encoro da Baxe

*Non se trata dunha zona de baño propiamente dita, senón dun regato que desemboca na ZB Vilarrube.

Durante a tempada de baño 2024 detectouse a proliferación masiva de cianobacterias, potenciais xeradoras de toxinas, en tres encoros. As actuacións realizadas dende a Consellería de Sanidade leváronse a cabo tendo en conta as recomendacións que fai a Organización Mundial da Saúde (OMS)¹¹ ao respecto, en función do biovolume de cianobacterias detectado (mm³/L) ou da concentración de clorofila-a procedente de cianobacterias (µg/L), así como da concentración de cianotoxinas (µg/L) procedentes destas.

As augas de baño que se viron afectadas por estes fenómenos foron Portoquintela, no termo municipal de Bande, situada no encoro das Conchas; a área recreativa de Brocos, no concello de Agolada, situada no encoro de Portodemouros e o regato procedente do encoro das Forcadas que desemboca na praia de Vilarrube, no concello de Valdoviño. Leváronse a cabo diferentes actuacións co fin de protexer a saúde das persoas usuarias, como intensificar a vixilancia e as mostraxes nas augas de baño afectadas, informar as autoridades locais e a poboación dos riscos asociados, chegándose a recomendar absterse do baño e de realizar actividades acuáticas naqueles casos nos que o biovolume foi > 4 mm³/L ou que se detectaron toxinas no encoro.

No encoro das Conchas, a CHMS e a DTS de Ourense recolleron 14 mostras durante a tempada de baño, tal e como se expón na táboa 12:

Táboa 12. Datos dos controis de cianobacterias realizados no encoro das Conchas no 2024

Nº control	1	2	3	4	5	6	7
Data	11/06/24	24/06/24	02/07/24	16/07/24	22/07/24	30/07/24	07/08/24
Nº control	8	9	10	11	12	13	14
Data	13/08/24	19/08/24	27/08/24	03/09/24	09/09/24	17/09/24	23/09/24

Na figura 7 móstrase o biovolume de cianobacterias medido ao longo desta tempada nas augas de baño de Portoquintela e O Corgo-A Rola, no encoro das Conchas. Os datos de biovolume de cianobacterias (mm^3/L) foron proporcionados pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e as análises de toxinas realizadas no LSPG.




Figura 7. Seguimento de cianobacterias no encoro das Conchas na tempada 2024

Como se observa na gráfica, o encoro estivo en estado de alerta por presenza de cianotoxinas a mediados de agosto. O biovolume de cianobacterias superou os $8 \text{ mm}^3/\text{L}$ no primeiro control na auga de baño de Portoquintela. Ademais, houbo presenza de cianotoxina (microcistina) no control 8 nesta mesma auga de baño, a pesares de non haber bloom de cianobacterias. Neste caso, recomendouse non bañarse e absterse de realizar ningún tipo de actividades acuáticas que implicasen o contacto directo coa auga do encoro.

A situación na auga de baño do Corgo-A Rola foi de normalidade durante toda a tempada de baño.

Por outra banda, na auga de baño da área recreativa de Brocos, no encoro de Portodemouros, Augas de Galicia recolleu 12 mostras, tal e como se amosa na táboa 13:

Táboa 13. Datos dos controis de cianobacterias realizados no encoro de Portodemouros no 2024

Nº control	1	2	3	4	5	6
Data	10/06/24	24/06/24	01/07/24	08/07/24	15/07/24	22/07/24
Nº control	7	8	9	10	11	12
Data	29/07/24	12/08/24	19/08/24	26/08/24	02/09/24	23/09/24

Na figura 8 preséntase o biovolume de cianobacterias medido ao longo desta tempada na área recreativa de Brocos, sita no encoro de Portodemouros. Os datos de biovolume de cianobacterias (mm³/L) foron proporcionados polo LMAG e as análises de toxinas realizadas no LSPG.




Figura 8. Seguimento de cianobacterias no encoro de Portodemouros na tempada 2024

Como se amosa na gráfica, o biovolume de cianobacterias superou os 4 mm³/L a principios e a finais de xullo e a finais de agosto e os 8 mm³/L a finais de xuño e a mediados de agosto. Ademais, houbo presenza de cianotoxina (microcistina) a pesares de non haber bloom de cianobacterias a mediados de agosto e a principios de setembro.

Nos dous casos, cando se deron as condicións citadas, pasouse de permitir o baño a recomendar non bañarse e absterse de realizar ningún tipo de actividades acuáticas que implicasen o contacto directo coa auga do encoro.

Por último, no regato procedente do encoro das Forcadas que desemboca na ZB Vilarrube, Augas de Galicia recolleu 10 mostras (táboa 14):

Táboa 14. Datos dos controis de cianobacterias realizados no regato das Forcadas no 2024

Nº control	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Data	10/06/24	25/06/24	08/07/24	22/07/24	06/08/24	20/08/24	03/09/24	10/09/24	17/09/24	24/09/24

Na figura 9 preséntase o biovolume de cianobacterias medido ao longo desta tempada no regato das Forcadas, procedente do encoro das Forcadas e que desemboca na ZB Vilarrube. Os datos de biovolume de cianobacterias (mm³/L) foron proporcionados polo LMAG e as análises de toxinas realizadas no LSPG.




Figura 9. Seguimento de cianobacterias no regato das Forcadas na tempada 2024

Como se amosa na gráfica, o biovolume de cianobacterias só superou os 8 mm³/L a mediados de xuño. Ademais, houbo presenza de cianotoxina (microcistina) a partir da segunda semana de setembro, a pesares de non haber bloom de cianobacterias.

Nos dous casos, cando se deron as condicións citadas, pasouse de permitir o baño a recomendar non bañarse e absterse de realizar ningún tipo de actividades acuáticas que implicasen o contacto directo coa auga do encoro.

No resto das augas de baño analizadas que poden estar asociadas a encoros con propensión á proliferación de cianobacterias, a presenza destas algas verdeazuladas foi moi pouco significativa, sen representar en ningún caso risco de proliferación masiva nin, polo tanto, risco para a saúde.

4.7. Residuos na auga e na area

Na táboa 15 amósanse os tipos de residuos na auga e na area atopados durante 597 inspeccións realizadas polos FISP e 5.543 mostraxes nas augas de baño levadas a cabo por TRAGSATEC, tanto nas continentais como nas marítimas, así como o número de controis onde se atoparon estes residuos. Os residuos máis atopados na auga foron as algas en descomposición (265), as madeiras (33) e substancias tensoactivas (28), mentres que na area os máis frecuentes foron as madeiras (344), plásticos (324) e algas en descomposición (311). Ademais hai que destacar a presenza de medusas en 6 augas de baño, principalmente carabelas portuguesas (*Physalia physalis*).

Táboa 15. Número de controis onde se atoparon residuos na auga e na area nas inspeccións e nas mostraxes das augas de baño realizadas no 2024

Tipo de residuo	Na auga	Na area
Medusas	6	---
Substancias tensoactivas	28	---
Aceites minerais	10	----
Residuos alcatranados	0	4
Cristais	0	30
Plásticos	17	324
Residuos de caucho	1	32
Madeiras	33	344
Residuos orgánicos	12	61
Algas en descomposición	265	311

4.8. Verteduras nas augas de baño

Segundo o *Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia*¹², cando se detecta unha vertedura (ben durante a recollida de mostras ou ben durante a inspección), debe comunicarse este feito, ademais de ao concello, ao organismo de bacía correspondente (Augas de Galicia e/ou confederación hidrográfica). Na maioría dos casos (95%), recibíuse unha resposta nesta DXSP sobre as actuacións levadas a cabo. Como en anos anteriores, non se recibiu resposta da comunicación dirixida á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, polo que non se puido determinar se se investigou esa vertedura.

Na táboa 16 descríbense as actuacións realizadas sobre as verteduras observadas nas augas de baño:

Táboa 16. Actuacións sobre verteduras detectadas nas augas de baño no 2024

Provincia	Organismo de bacía	Nº concellos con verteduras	Nº augas de baño con verteduras	Nº comunicacións de verteduras	Nº respostas recibidas ás comunicacións de verteduras
A Coruña	Augas de Galicia	5	5	14	14
Ourense	CHMS	1	1	1	0
Pontevedra	Augas de Galicia	4	4	4	4
Total		10	10	19	18

CHMS: Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

5

Conclusiones



No Censo de Zonas de Augas de Baño (sección I do Rexistro de Augas de Baño de Galicia) da tempada 2024 figuraron un total de 502 zonas de baño, con 519 puntos de mostraxe que se atopan en 117 concellos da comunidade autónoma galega.

Leváronse a cabo o 97,7% das inspeccións programadas das augas de baño en vixilancia sanitaria e realizáronse o 99,6% dos controis programados. Non se realizaron o 100% das inspeccións e controis programados, xa que o acceso a dúas augas de baño de Lugo estivo pechado temporalmente. O 100% dos episodios de contaminación foron comunicados aos concellos implicados, para que tomasen as medidas oportunas.

No 90,4% das augas de baño incluídas na sección I do Rexistro de Augas de Baño de Galicia obtívose unha clasificación sanitaria de excelente, o 6,9 % destes obtiveron unha clasificación boa, o 1,3% unha clasificación suficiente e o 1,0% unha clasificación sanitaria insuficiente, mentres que o 0,4% quedaron sen clasificar. Aínda que o 97,5% das augas de baño tiveron unha clasificación boa ou excelente, cómpre que os concellos e demais autoridades competentes promovan actuacións para mellorar a calidade da auga das augas de baño, sobre todo naquelas con clasificación sanitaria insuficiente.

Vistos os resultados obtidos en tempadas anteriores, obsérvase unha clara tendencia á mellora na calidade das augas de baño, que continúan nesta tempada ao ao manterse en niveis altos a porcentaxe de augas de baño con clasificación sanitaria excelente e diminuír o número daquelas con clasificación sanitaria insuficiente.

Na sección II do RABG (augas en avaliación sanitaria) na tempada 2024 vixiáronse 10 augas de baño, das que o 80% tiveron clasificación sanitaria boa ou excelente.

Na sección III do RABG (augas con prohibición permanente do baño) na tempada 2024 estiveron incluídas un total de 31 praias e detectouse que estaban correctamente sinalizadas só un 67,7%.

Desde o inicio da tempada, informouse da clasificación sanitaria das augas de baño e dos resultados microbiolóxicos obtidos nas mostraxes na nosa páxina web: [Observatorio de Salud Pública de Galicia-zonas de baño](#). Os valores das determinacións de parámetros microbiolóxicos tamén foron introducidos no Sistema de Información Nacional de Augas de Baño (Náyade), que toda a poboación pode consultar a través do acceso ao cidadán. A clasificación sanitaria final de cada auga de baño publicouse tamén na páxina web da dirección xeral. Deste xeito, facilitouse que todos as persoas usuarias das zonas de baño tivesen información suficiente e facilmente dispoñible sobre a calidade das augas de baño.

Na presente tempada houbo alerta por cianobacterias na auga de baño de Portoquintela no encoro das Conchas, na área recreativa de Brocos no encoro de Portodemouros e no regato das Forcadas, que desemboca na zona de baño de Vilarrube.

Durante a tempada de baño identificáronse 19 verteduras en augas de baño, todas foron comunicadas aos concellos e aos organismos de bacía e recibíuse resposta das actuacións realizadas nun 95% dos casos.

De cara a nova tempada 2025, propónse a alta de dúas novas augas de baño na sección I do RABG (augas de baño incluídas no Censo de Zonas de Augas de Baño), por acadar dúas tempadas consecutivas a clasificación sanitaria de excelente (Río Támega-Tamicelas en Laza e Encoro de Portodemouros – Área recreativa de Brocos en Agolada) e a alta de dúas augas de baño na sección III do RABG (augas con prohibición permanente do baño) por levar varios anos co acceso pechado e non propor o concello correspondente solucións de mellora (Sacido en Viveiro e San Bartolo en Barreiros). Así mesmo, propónse tamén o paso á sección III do RABG dunha auga de baño que está actualmente en avaliación sanitaria, por levar varios anos con clasificación sanitaria insuficiente (Carabuxeira en Sanxenxo). Tamén será necesario estudar as causas polas que houbo 5 augas de baño con clasificación insuficiente, para que os concellos adopten as medidas oportunas para mellorar a calidade destas augas de baño.

6


Referencias bibliográficas



- 1 [Guidelines on recreational water quality. Volume 1 Coastal and fresh waters \(2021\). OMS.](#)
- 2 [Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade. BOE núm. 102, do 29/04/1986.](#)
- 3 [Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. DOG núm. 143, do 24/07/2008.](#)
- 4 [Directiva 2006/7/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño e pola que se derroga a Directiva 76/160/CEE. DOUE núm. 64, do 4/03/2006.](#)
- 5 [Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño. BOE núm. 257, do 26/10/2007.](#)
- 6 [Decisión de execución da Comisión do 27 de maio de 2011 que establece, en virtude da Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, un símbolo para informar o público da clasificación das augas de baño e de calquera prohibición ou recomendación que afecte este. DOUE núm. 143, do 31/05/2011.](#)
- 7 [Decreto 175/2022, do 13 de outubro, sobre vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia. DOG núm. 205, do 27/10/2022.](#)
- 8 [Resolución do 4 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se procede á publicación das augas de baño de Galicia que quedan inscritas no Rexistro de Augas de Baño de Galicia creado ao abeiro do Decreto 175/2022, do 13 de outubro, sobre vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia. DOG núm. 93, do 14/05/2024.](#)
- 9 [Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia 2022-2025 \(2022\). Xunta de Galicia.](#)
- 10 [Informe Nacional de Calidad de las Aguas de Baño. Informe anual 2023 \(2024\). Ministerio de Sanidad.](#)
- 11 [European Bathing Water Quality in 2023 \(2024\). European Enviromental Agency.](#)
- 12 [Toxic Cyanobacteria in Water: A guide to their public health consequences, monitoring and management \(2021\). OMS.](#)



Códigos QR coas
ligazóns a páxinas
web



Clasificación sanitaria anual das augas de baño 2024



Mapa de zonas de baño de Galicia



Náyade - acceso cidadán



Observatorio de Saúde Pública de Galicia - zonas de baño



Resultados analíticas das augas de baño 2008-2024



Rexistro de Augas de Baño de Galicia



Anexos





Anexo I

Altas e baixas no Rexistro de Augas de Baño de Galicia na tempada 2024

Para a tempada de baño 2024 na sección I do RABG (augas de baño incluídas no Censo de Zonas de Augas de Baño) engadíronse catro novas augas de baño marítimas, que se enumeran na táboa I.

Táboa I. Augas de baño novas na sección I do RABG na tempada 2024

Provincia	Concello	Auga de baño	Tipo de auga	Nº RABG
A Coruña	Boiro	Peralto	marítima	COM0586351
	Camariñas	Area da Vila	marítima	COM0586501
	Coruña (A)	O Parrote	marítima	COM1228731
	Ferrol	A Cabana	marítima	COM0587001

Por outra banda, non houbo ningunha auga de baño eliminada da sección I do RABG na tempada 2024.

No 2024 engadíronse 7 augas de baño na sección II do RABG (augas de baño en avaliación), unha marítima e 6 continentais, que se detallan na táboa II.1.

Táboa II.1. Augas de baño novas na sección II do RABG na tempada 2024

Provincia	Concello	Auga de baño	Tipo de auga	Nº RABG
Lugo	Vilalba	Río Madalena	continental	LUC1277722
	Viveiro	Celeiro	marítima	LUM1144852
Ourense	Castrelo do Val	Río Nocado-Castrelo do Val	continental	OUC1268052
	Monterrei	Río Bubal-Vilaza	continental	OUC1268062
Pontevedra	Rosal (O)	Río Miño-Eiras	continental	POC1257282
		Río Tamuxe-Muiño das Aceñas	continental	POC1258822
		Río Tamuxe-Tamuxe	continental	POC1257692

Ademais, no 2024, houbo catro augas de baño marítimas que se deron de baixa na sección II do RABG e pasaron á sección I e dúas augas de baño marítimas que se deron de baixa na sección II do RABG e pasaron á sección III, que se enumeran na táboa II.2:

Táboa II.2. Augas de baño eliminadas na sección II do RABG na tempada 2024

Provincia	Concello	Auga de baño	Tipo de auga	Nº RABG
A Coruña	Boiro	Peralto	marítima	COM05863522
	Camariñas	Area da Vila	marítima	COM0586502
		Camelle	marítima	COM0586472
	Coruña (A)	O Parrote	marítima	COM1228732
	Ferrol	A Cabana	marítima	COM0587002
	Oleiros	Santa Cruz Porto	marítima	COM0587632

Por último, na sección III do RABG déronse de alta dúas novas augas marítimas (procedentes da sección II do RABG) e de baixa unha auga de baño marítima (que pasa á sección II do RABG). As altas e baixas nesta sección detállanse nas táboas III.1 e III.2:

Táboa III.1. Augas de baño novas na sección III do RABG na tempada 2024

Provincia	Concello	Auga de baño	Tipo de auga	Nº RABG
A Coruña	Camariñas	Camelle	marítima	COM0586473
	Oleiros	Santa Cruz Porto	marítima	COM0587633


Táboa III.2. Auga de baño na sección III do RABG na tempada 2024

Provincia	Concello	Auga de baño	Tipo de auga	Nº RABG
Lugo	Viveiro	Celeiro	marítima	LUM1144853



Anexo II **Sección I do Rexistro de Augas de Baño de Galicia: augas de baño incluídas no Censo de Zonas de Augas de Baño na tempada 2024 (será a clasificación sanitaria vixente para a tempada 2025)**

Provincia da Coruña



Sección I marítimas

- Excelente
- Boa
- Suficiente
- Insuficiente

Sección I continentais

- Excelente
- Boa
- Suficiente
- Insuficiente

Táboa IV.1. Augas de baño incluídas na sección I do RABG na tempada 2024 na provincia da Coruña

Concello	Auga de baño	Tipo de auga	Código PM Eurostat	Nº RABG	Clasificación sanitaria
Ames	Río Tambre - Tapia	Continental	ES11100002C15002A3	COC0586141	Excelente
	Ares	Marítima	ES11100004M15004B1	COM0586161	Excelente
Ares	Chanteiro	Marítima	ES11100004M15004C1	COM0586151	Excelente
	Raso – Seselle	Marítima	ES11100004M15004A1	COM0586171	Excelente
Arteixo	A Salsa - Repibelo	Marítima	ES11100005M15005E1	COM0586221	Excelente
	A Ucha	Marítima	ES11100005M15005D1	COM0586231	Excelente
	Alba - Sabón	Marítima	ES11100005M15005I1	COM0586211	Excelente
	Area Grande de Suevos	Marítima	ES11100005M15005G1	COM0586191	Excelente
	Barrañán	Marítima	ES11100005M15005J1	COM0586271	Excelente
	Combouzas	Marítima	ES11100005M15005F1	COM0586181	Excelente
	O Reiro	Marítima	ES11100005M15005C1	COM0586261	Excelente
	Porto de Suevos	Marítima	ES11100005M15005H1	COM0586201	Excelente
	Valcovo	Marítima	ES11100005M15005B1	COM0586241	Excelente
	Gandarío dereita	Marítima	ES11100008M15008A1	COM0586321	Excelente
Bergondo	Gandarío esquerda	Marítima	ES11100008M15008A2	COM0586311	Excelente
	O Pedrido dereita	Marítima	ES11100008M15008B2	COM0586301	Suficiente
	O Pedrido esquerda	Marítima	ES11100008M15008B1	COM0586291	Boa
	Regueiro	Marítima	ES11100008M15008C1	COM0586281	Excelente
Boiro	Barraña	Marítima	ES11100011M15011J1	COM0586361	Excelente
	Barraña Saltiño	Marítima	ES11100011M15011K3	COM0586341	Excelente
	Carragueiros	Marítima	ES11100011M15011B1	COM0586391	Excelente
	Ladeira do Chazo	Marítima	ES11100011M15011D1	COM0586401	Excelente
	Mañóns	Marítima	ES11100011M15011A1	COM0586411	Excelente
	Peralto	Marítima	ES11100011M15011I1	COM0586351	*Suficiente
	Piñeirón	Marítima	ES11100011M15011H1	COM0586371	Excelente
	Portomouro	Marítima	ES11100011M15011F1	COM0586421	Excelente
	Retorta	Marítima	ES11100011M15011E1	COM0586331	Excelente
	Ribeira Grande	Marítima	ES11100011M15011G1	COM0586381	Excelente

(*) O número de datos cos que se calculou a clasificación sanitaria é inferior a 16 mostras.

Concello	Auga de baño	Tipo de auga	Código PM Eurostat	Nº RABG	Clasificación sanitaria
Cabana de Bergantiños	Rebordelo	Marítima	ES11100014M15014A1	COM0496441	Excelente
Cabanas	A Magdalena	Marítima	ES11100015M15015A1	COM0586441	Excelente
	Chamoso	Marítima	ES11100015M15015B1	COM0586451	Excelente
Camariñas	A Areíña Branca	Marítima	ES11100016M15016E1	COM0586521	Excelente
	Area Longa - Camariñas	Marítima	ES11100016M15016I1	COM0586461	Excelente
	Area da Vila	Marítima	ES11100016M15016B2	COM0586501	*Excelente
	Arou	Marítima	ES11100016M15016G1	COM0586481	Excelente
	Lingunde	Marítima	ES11100016M15016A1	COM0586511	Excelente
	Lobeiras	Marítima	ES11100016M15016C1	COM0586541	Excelente
	O Ariño	Transición	ES11100016M15016D1	COM0586531	Excelente
	O Lago - Camariñas	Marítima	ES11100016M15016F1	COM0586491	Excelente
	Arnados	Marítima	ES11100019M15019E1	COM1029871	Excelente
Carballo	Pedra do Sal	Marítima	ES11100019M15019D1	COM0586561	Excelente
	Razo	Marítima	ES11100019M15019A1	COM0586581	Excelente
	Ría de Baldaio	Transición	ES11100019M15019C1	COM0586551	Excelente
Cariño	Saíñas - Carballo	Marítima	ES11100019M15019B1	COM0586571	Excelente
	Basteira	Marítima	ES11100901M15901H1	COM0588471	Excelente
	Figueiras	Transición	ES11100901M15901E1	COM0588451	Excelente
	Fornos	Transición	ES11100901M15901B1	COM0588461	Excelente
	Peiral	Marítima	ES11100901M15901D1	COM0588491	Excelente

(*) O número de datos cos que se calculou a clasificación sanitaria é inferior a 16 mostrás.

Concello	Auga de baño	Tipo de auga	Código PM Eurostat	Nº RABG	Clasificación sanitaria
Carnota	A Insuela	Marítima	ES11100020M15020G1	COM0586631	Excelente
	Ardeleiro	Marítima	ES11100020M15020I1	COM0586681	Excelente
	Area Branca	Marítima	ES11100020M15020J1	COM0586621	Excelente
	Caldebarcos	Marítima	ES11100020M15020F1	COM0586641	Excelente
	Corna Becerra	Marítima	ES11100020M15020K1	COM0586611	Excelente
	Lariño - Carnota	Marítima	ES11100020M15020C1	COM0586691	Excelente
	Mar de Lira	Marítima	ES11100020M15020E1	COM0586661	Excelente
	Porto Cubelo	Marítima	ES11100020M15020D1	COM0586671	Excelente
	Porto Quilmas	Marítima	ES11100020M15020H1	COM0586601	Excelente
	San Mamede (Boca do Río)	Marítima	ES11100020M15020A1	COM0586651	Excelente
	San Pedro - Carnota	Marítima	ES11100020M15020B1	COM0586591	Excelente
Cedeira	Area Longa - Cedeira	Marítima	ES11100022M15022B1	COM0586701	Excelente
	Magdalena	Marítima	ES11100022M15022A3	COM0586711	Excelente
Cee	Estorde	Marítima	ES11100023M15023B1	COM0586731	Excelente
	Gures	Marítima	ES11100023M15023C1	COM0586751	Excelente
Corcubión	Quenxe	Marítima	ES11100028M15028A3	COM0586771	Excelente
	Santa Isabel	Marítima	ES11100028M15028B1	COM0586761	Excelente
Coruña (A)	As Lapas	Marítima	ES11100030M15030E1	COM0586811	Excelente
	Matadoiro	Marítima	ES11100030M15030G1	COM0586821	Excelente
	O Parrote	Marítima	ES11100030M15030H1	COM1228731	*Excelente
	Orzán	Marítima	ES11100030M15030B2	COM0586831	Excelente
	Oza - Lazareto	Marítima	ES11100030M15030D1	COM0586791	Excelente
	Riazor	Marítima	ES11100030M15030A3	COM0586841	Excelente
	San Amaro	Marítima	ES11100030M15030C1	COM0586801	Excelente
Dumbria	Ézaro	Marítima	ES11100034M15034A1	COM0586851	Excelente
Fene	Almieiras	Marítima	ES11100035M15035A1	COM0586881	Boa
	Coído	Marítima	ES11100035M15035D1	COM0586871	Excelente
	Maniños	Marítima	ES11100035M15035B1	COM0586901	Excelente
	Río Sandeu	Marítima	ES11100035M15035E1	COM0586861	Excelente

(*) O número de datos cos que se calculou a clasificación sanitaria é inferior a 16 mostrás.

Concello	Auga de baño	Tipo de auga	Código PM Eurostat	Nº RABG	Clasificación sanitaria
Ferrol	A Cabana	Marítima	ES11100036M15036M1	COM0587001	*Excelente
	A Fragata	Marítima	ES11100036M15036G1	COM0586941	Excelente
	A Graña	Marítima	ES11100036M15036E1	COM0586991	Excelente
	Caranza	Marítima	ES11100036M15036N1	COM0587011	Excelente
	Cariño	Marítima	ES11100036M15036F1	COM0586971	Excelente
	Doniños	Marítima	ES11100036M15036A1	COM0586961	Excelente
	Esmelle	Marítima	ES11100036M15036H1	COM0587031	Excelente
	O Vilar - Ferrol	Marítima	ES11100036M15036I1	COM0587021	Excelente
	Pareixal (Covas)	Marítima	ES11100036M15036C1	COM0586931	Excelente
	Ponzos	Marítima	ES11100036M15036K1	COM0586911	Excelente
	San Filipe	Marítima	ES11100036M15036L1	COM0586981	Excelente
	San Xurxo	Marítima	ES11100036M15036B1	COM0586951	Excelente
	Santa Comba	Marítima	ES11100036M15036J1	COM0586921	Excelente
	Corveiro	Marítima	ES11100037M15037D1	COM0587041	Excelente
Fisterra	Langosteira	Marítima	ES11100037M15037B1	COM0587061	Excelente
	Ribeira	Marítima	ES11100037M15037C1	COM0587051	Excelente
	Sardiñeiro	Marítima	ES11100037M15037E1	COM0587071	Excelente
	Caión dereita	Marítima	ES11100041M15041A1	COM0587141	Excelente
Laracha (A)	Caión esquerda	Marítima	ES11100041M15041A2	COM0587131	Excelente
	Arnado - Boaña - Traba	Marítima	ES11100040M15040C1	COM0587111	Excelente
Laxe	Laxe centro	Marítima	ES11100040M15040A1	COM0587081	Excelente
	Laxe esquerda	Marítima	ES11100040M15040A2	COM0587091	Excelente
	Soesto	Marítima	ES11100040M15040D1	COM0587101	Excelente
	Traba	Marítima	ES11100040M15040B1	COM0587121	Excelente
	Praia de Seiruga	Marítima	ES11100043M15043B1	COM0451101	Excelente
Malpica de Bergantiños	Praia Maior	Marítima	ES11100043M15043A1	COM0587151	Excelente
	Bares	Marítima	ES11100044M15044B3	COM0587171	Excelente
Mañón	Esteiro - Mañón	Marítima	ES11100044M15044A1	COM0587181	Excelente
	Vilela	Marítima	ES11100044M15044C1	COM0587161	Excelente
	Río Beba - A Pontenova	Continental	ES11100045C15045A1	COC0587191	Excelente
Mazaricos	Río Furelos	Continental	ES11100046C15046A1	COC0587201	Insuficiente

(*) O número de datos cos que se calculou a clasificación sanitaria é inferior a 16 mostras.


Concello	Auga de baño	Tipo de auga	Código PM Eurostat	Nº RABG	Clasificación sanitaria
Miño	A Ribeira - Miño Pequena	Marítima	ES11100048M15048D1	COM0587261	Excelente
	Alameda	Marítima	ES11100048M15048A1	COM0587271	Boa
	Lago - Miño	Marítima	ES11100048M15048F1	COM0587221	Excelente
	Marín	Marítima	ES11100048M15048E1	COM0587221	Excelente
	Miño Grande dereita	Marítima	ES11100048M15048B3	COM0587251	Excelente
	Miño Grande esquerda	Marítima	ES11100048M15048B1	COM0587241	Excelente
	Perbes – Andaio - Miño	Marítima	ES11100048M15048C2	COM0587211	Excelente
Mugardos	Bestarruza	Marítima	ES11100051M15051A1	COM1096291	Excelente
Muros	A Rocha	Marítima	ES11100053M15053S1	COM0587431	Excelente
	A Vouga	Marítima	ES11100053M15053M1	COM0587401	Excelente
	Agrocovo	Marítima	ES11100053M15053O1	COM0587511	Excelente
	Area Longa - Muros	Marítima	ES11100053M15053I1	COM0587481	Excelente
	Area Maior - Muros	Marítima	ES11100053M15053Ñ1	COM0587361	Excelente
	Bornalle	Marítima	ES11100053M15053J1	COM0587461	Excelente
	Lariño - Muros	Marítima	ES11100053M15053V1	COM0587341	Excelente
	Liñares	Marítima	ES11100053M15053R1	COM0587451	Excelente
	Medrón - Uía	Marítima	ES11100053M15053G1	COM0587531	Excelente
	O Cabo	Marítima	ES11100053M15053B1	COM0587411	Boa
	O Espadanal	Marítima	ES11100053M15053F1	COM0587541	Excelente
	O Fogareiro	Marítima	ES11100053M15053N1	COM0587371	Excelente
	O Portiño do Maio	Marítima	ES11100053M15053F1	COM0587551	Excelente
	O Porto do Acoradoiro	Marítima	ES11100053M15053D1	COM0587351	Excelente
	Parameán	Marítima	ES11100053M15053A1	COM0587521	Excelente
	Reimúndez	Marítima	ES11100053M15053P1	COM0587491	Excelente
	San Francisco centro	Marítima	ES11100053M15053C1	COM0587381	Excelente
	San Francisco esquerda	Marítima	ES11100053M15053C2	COM0587391	Excelente
	Seixal - Area do Medio	Marítima	ES11100053M15053Q1	COM0587471	Excelente
	Somorto	Marítima	ES11100053M15053H1	COM0587501	Excelente
	Ventín - O Salto	Marítima	ES11100053M15053X5	COM0587441	Excelente

Concello	Auga de baño	Tipo de auga	Código PM Eurostat	Nº RABG	Clasificación sanitaria
Muxía	A Cruz - Muxía	Marítima	ES11100052M15052A1	COM0587311	Excelente
	Area Maior - Muxía	Marítima	ES11100052M15052B1	COM0587291	Excelente
	Espiñeirido - Muxía	Marítima	ES11100052M15052F1	COM0587301	Excelente
	Lourido - Muxía	Marítima	ES11100052M15052E1	COM0587321	Excelente
	Nemiña	Marítima	ES11100052M15052D1	COM0587331	Excelente
	O Lago - Muxía	Marítima	ES11100052M15052C1	COM0587281	Excelente
Neda	Río Castro - A Ponte da Cobeluda	Continental	ES11100055C15055A1	COC0587561	Excelente
Noia	Boa Grande	Marítima	ES11100057M15057A1	COM0587591	Excelente
	Boa Pequena	Marítima	ES11100057M15057D1	COM0587581	Excelente
Oleiros	Bastigueiro	Marítima	ES11100058M15058B3	COM0587641	Excelente
	Espiñeiro - Oleiros	Marítima	ES11100058M15058F1	COM0587601	Excelente
	Mera	Marítima	ES11100058M15058H3	COM0587611	Excelente
	Naval - Santa Cruz	Marítima	ES11100058M15058E1	COM0587621	Excelente
	Santa Cristina dereita	Transición	ES11100058M15058A2	COM0587651	Excelente
	Santa Cristina - desaugadoiro do río	Transición	ES11100058M15058A1	COM0587661	Excelente
Ortigueira	A Concha - Ortigueira	Marítima	ES11100061M15061B1	COM0587691	Excelente
	Bimbieiro	Marítima	ES11100061M15061D1	COM0587671	Excelente
